



(F_IMP_00)
**ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN DOS
INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO**

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
03/11/2009	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	293	23/12/2009
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
06/11/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	28/12/2012
28/10/2013	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	295	26/12/2013
29/12/2014	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	46	26/02/2015
17/12/2015	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	23/12/2015
11/10/2016	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	290	20/12/2016
27/04/2017	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	151	03/07/2017
18/12/2017	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	293	23/12/2017
28/12/2018	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	296	28/12/2018
28/10/2019	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	293	28/12/2019

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinaláranse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ soporte@monfortedelemos.es 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- PRINCIPIOS XERAIS _____	3
ARTIGO -2- ORDENANZAS E DISPOSICIÓNS FISCAIS ESPECÍFICAS _____	3
ARTIGO -3- ÁMBITO DE APLICACIÓN _____	3
ARTIGO -4- COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS _____	3
ARTIGO -5- ACCESO A ARQUIVOS _____	3
ARTIGO -6- DEREITO Á OBTENCIÓN DE COPIA DE DOCUMENTOS QUE OBREN NO EXPEDIENTE _____	4
ARTIGO -7- REXISTROS _____	4
ARTIGO -8- BENEFICIOS FISCAIS _____	4
ARTIGO -9- DOMICILIO FISCAL _____	5
ARTIGO -10- RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO _____	5
ARTIGO -11- PADRÓNS _____	5
ARTIGO -12- ANUNCIOS DE COBRANZA _____	6
ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL _____	6
ARTIGO -14- DOMICILIACIÓNS _____	7
ARTIGO -15- XESTIÓN E LIQUIDACIÓN DE EXACCIÓNS _____	7
ARTIGO -16- DEPÓSITOS PREVIOS _____	8
ARTIGO -17- RECADACION _____	9
ARTIGO -18- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS _____	9
ARTIGO -19- DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES _____	9
ARTIGO -20- GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO _____	11
ARTIGO -21- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN _____	11
ARTIGO -22- CÁLCULO DE XUROS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS _____	12
ARTIGO -23- PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGAMENTO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO _____	12
ARTIGO -24- COMPENSACIÓN _____	12
ARTIGO -25- COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO _____	13
ARTIGO -26- APROBACIÓN E VIXENCIA _____	13
ANEXO.- CLASIFICACION POR CATEGORIAS, A EFECTOS FISCAIS, DAS RÚAS DO MUNICIPIO DE MONFORTE DE LEMOS _____	15
RÚAS DE PRIMEIRA CATEGORIA _____	15
RÚAS DE SEGUNDA CATEGORIA _____	15
RÚAS DE TERCEIRA CATEGORIA _____	15

ARTIGO -1- PRINCIPIOS XERAIS

A presente ordenanza dítase ao amparo do artigo 106.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dos artigos 11, 12.2 e 15.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como do apartado 3 da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O seu obxecto é a definición das normas de xestión dos recursos municipais de dereito público que, sendo comúns a todos eles, é necesario considerar integrantes de todas as ordenanzas e disposicións fiscais específicas agás que así se manifeste expresamente nestas.

O seu contido obvia aqueles elementos seu contido obvia aqueles elementos o suficientemente definidos e concretados na lexislación de réxime local e fiscal en xeral, aplicables a toda a actuación fiscal municipal de acordo co artigo 5 da Lei de Bases e céntrase nos extremos propios de xestión, inspección e recadación do Concello de Monforte de Lemos.

ARTIGO -2- ORDENANZAS E DISPOSICIÓNS FISCAIS ESPECÍFICAS

Os tributos municipais estableceranse, no seu caso, e regularanse por ordenanza fiscal específica, segundo dispón o artigo 15 do Real Decreto Legislativo, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO -3- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As ordenanzas fiscais serán de aplicación en todo o termo municipal de Monforte de Lemos e aplicaranse consonte cos principios de residencia efectiva e territorialidade.

ARTIGO -4- COMUNICACIÓNS INFORMATIVAS

1. Os diferentes servizos do Concello informarán aos contribuíntes que o soliciten dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria.

As solicitudes formuladas verbalmente, se responderán de igual forma.

Nos casos en que a solicitude se formulara por escrito, procurarase que o/a contribuínte exprese con claridade os antecedentes e circunstancias do caso, así como as dúbidas que lle suscite a normativa tributaria aplicable.

2. Se a solicitude de información se refire a unha cuestión regulamentada nas Ordenanzas, ou en Circulares municipais internas, ou ben se trata dunha cuestión cuxa resposta se deduce indubitadamente da normativa vixente, o Servizo receptor da consulta poderá formular a resposta.

Para garantir a confidencialidade da información, se requirirá do/a contribuínte a súa debida identificación e, en todo caso, o N.I.F. Ademais, si se actúa por medio de representante, éste deberá acreditar a súa condición de como tal.

ARTIGO -5- ACCESO A ARQUIVOS

1. Os cidadáns teñen dereito a acceder aos rexistros e documentos que formen parte do expediente, nos termos establecidos na Lei 30/1992.
2. Para que sexa autorizada a consulta será necesario que se formule petición individualizada, especificando os documentos que se desexan consultar.

A consulta deberá ser solicitada polo/a interesado/a e non poderá afectar a intimidade de terceiras persoas. Cando o cumprimento destes requisitos resulte dubidoso para os responsables dos Servizos, será necesario que a Secretaría Municipal, de selo caso, informe sobre a procedencia da consulta e

valore que estes documentos non conteñen datos referentes á intimidade de persoas diferentes do consultante.

ARTIGO -6- DEREITO Á OBTENCIÓN DE COPIA DE DOCUMENTOS QUE OBREN NO EXPEDIENTE

1. As peticións de copias deberán realizarse polo/a contribuínte ou o/a seu/súa representante, por escrito.

Procurarase poñer a disposición dos/as contribuíntes o uso dunha máquina fotocopiadora que, previo pagamento, permita a obtención de fotocopias. En tanto non se dispoña desta máquina, os órganos municipais proporcionarán estas copias cos seus propios medios.

2. Cando as necesidades do servizo o permitan, cumprimentarase a petición do/a contribuínte no mesmo día.

Se se trata dun número elevado de copias, ou cando outro feito impida cumprir o prazo anterior, informarase ao/á solicitante da data en que poderanse recoller as copias solicitadas. Salvo circunstancias excepcionais, este prazo non excederá de dez días naturais.

3. Por dilixencia incorporada no expediente farase constar o número de folios dos cales se expediu copia e a súa recepción polo contribuínte.
4. Os contribuíntes non terán dereito a obter copia de aqueles documentos que figurando no expediente afecten a intereses de terceiros, ou á intimidade doutras persoas. A resolución que denegue a solicitude de copia de documentos obrantes no expediente deberá motivarse.

Cando se suscite algunha dúbida en relación cos anteriores extremos, consultarase ao/á Xefe/a da Asesoría Xurídica, ou á Secretaría no seu defecto.

ARTIGO -7- REXISTROS

1. O Horario de atención ao público do Servizo Municipal de Rendas e Recadación será de 9.00 a 14.00 horas

ARTIGO -8- BENEFICIOS FISCAIS

A solicitude de beneficios fiscais formularase de modo e no prazo fixado legalmente ou nas Ordenanzas Fiscais.

A concesión ou denegación de exencións, reducións ou bonificacións axustarase á normativa específica de cada tributo e as prescricións establecidas na Ordenanza fiscal correspondente, sen que en ningún caso poida admitirse á analogía para estender mais alá dos seus termos estritos no ámbito das exencións e bonificacións.

Os beneficios fiscais que operan por previsión legal sen necesidade de solicitude, aplicaranse de oficio en beneficio dos interesados cando concorran as condicións que os xustifiquen

Aquelas exencións ou bonificacións que teñen carácter rogado deberán ser solicitadas, mediante instancia dirixida ao Alcalde, que deberá acompañarse do fundamento que o solicitante considere suficiente.

Con carácter xeral, a concesión de beneficios fiscais non terá carácter retroactivo, polo que no caso de concederse, os seus efectos comezarán a operar dende o momento no que por primeira vez teña lugar o devindicación do tributo con posterioridade á data da solicitude do beneficio fiscal.

Non obstante, cando a solicitude se formule antes de que a liquidación quedase consentida e firme, poderanse aplicar os beneficios fiscais no propio exercicio da solicitude sempre que na data do devindicación do tributo concorresen os requisitos acreditativos.

ARTIGO -9- DOMICILIO FISCAL

Salvo que unha norma regule expresamente a forma de determinar o domicilio fiscal, para xestionar un determinado recurso, a efectos recadatorios, o domicilio será:

- a) Para as persoas naturais, o da súa residencia habitual. Non obstante, poderase considerar como domicilio fiscal o lugar onde estea efectivamente centralizada a xestión administrativa e a dirección das actividades desenvolvidas.
- b) Para as persoas xurídicas, e as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, o domicilio fiscal será o seu domicilio social, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso, atenderase ao lugar no que se leve a cabo dita xestión ou dirección.
- c) As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Monforte, terán o seu enderezo fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

O contribuínte poderá designar outro domicilio propio ou do seu representante, co fin de recibir no mesmo as notificacións.

Os obrigados tributarios, así como os seus representantes, teñen que presentar á Administración Tributaria municipal, tanto o seu domicilio fiscal como os cambios que se produzan. A estes efectos, os prazos de presentación da comunicación de cambio de domicilio son os seguintes:

- a) As persoas físicas que desenrolen actividades económicas, así como as persoas xurídicas e o resto de entidades, deben cumprir a obriga de comunicar o cambio de domicilio, segundo o artigo 48.3 da LGT, no prazo de un mes a partir do momento no que se produza o cambio de domicilio fiscal.
- b) As persoas físicas que no realicen actividades económicas deben comunicar o cambio de domicilio no prazo de 3 meses a partir do momento no que se produza o cambio de domicilio fiscal.

A comunicación do novo domicilio fiscal terá efectos dende a presentación respecto da Administración Tributaria á que se houbese comunicado. A comunicación do cambio de domicilio fiscal a unha Administración tributaria só producirá efectos respecto do Concello cando dito cambio sexa coñecido por este. Ata ese momento serán válidas todas as actuacións e notificacións realizadas no domicilio inicialmente declarado á Administración actuante

A administración municipal pode rectificar o domicilio tributario dos obrigados mediante a comprobación pertinente.

A declaración de cambio de domicilio a outros efectos administrativos, como o padrón de habitantes, non substituirá a declaración expresa de cambio de domicilio fiscal

ARTIGO -10- RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO

Os obrigados tributarios que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con enderezo en territorio español para os efectos das súas relacións coa administración do Concello.

ARTIGO -11- PADRÓNS

Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, a parte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos presupostos determinantes da exixibilidade do tributo.

Os padróns, matrículas ou rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter, ademais dos datos específicos que requira cada un deles segundo as características, os aspectos seguintes:

- Nome, apelidos, ou razón social ou denominación completa do obrigado tributario
- DNI ou NIF do obrigado tributario
- Domicilio Fiscal
- Finca, establecemento ou elemento obxecto da exacción
- Base Impoñible - base liquidable
- Tipo de gravame
- Cota Tributaria

Os padróns fiscais expóranse ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de exposición ao público dos padróns será de vinte días contados a partir do primeiro día do período de pago voluntario dos respectivos tributos.

Contra a exposición pública dos padróns e das liquidacións integrantes de estes, poderase interpoñer recurso de reposición, previo ao contencioso - administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública do padrón.

ARTIGO -12- ANUNCIOS DE COBRANZA

Os anuncios del calendario fiscal regulado no artigo que segue poderá cumprir, ademais da función de dar a coñecer a exposición pública de padróns, a de publicar o anuncio de cobranza

Para que cumpra esta finalidade faranse constar tamén os seguintes extremos:

- a) Prazos de ingreso.
- b) Modalidade de cobro utilizable
- c) Lugares, días e horas de ingreso.
- d) A advertencia de que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de aprema e se deveharán as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora e, no seu caso, as costas que se produzan.

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	15/04/2020	15/06/2020
b. Imposto de Bens Inmóbles	Anual	05/08/2020	06/10/2020
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	17/08/2020	19/10/2020
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2019	26/02/2020	27/04/2020
	1º bimestre 2020	27/04/2020	29/06/2020
	2º bimestre 2020	26/06/2020	26/08/2020
	3º bimestre 2020	26/08/2020	26/10/2020
	4º bimestre 2020	26/10/2020	28/12/2020
	5º bimestre 2020	28/12/2020	01/03/2021
	6º bimestre 2020	26/02/2021	26/04/2021
e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	2ª fracción curso 2019/2020	05/03/2020	06/05/2020
	1ª fracción curso 2020/2021	23/10/2020	24/12/2020
f. Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2019	02/01/2020	02/03/2020

	1º bimestre 2020	28/02/2020	28/04/2020
	2º bimestre 2020	28/04/2020	29/06/2020
	3º bimestre 2020	30/06/2020	31/08/2020
	4º bimestre 2020	01/09/2020	02/11/2020
	5º bimestre 2020	02/11/2020	04/01/2021
	6º bimestre 2020	31/12/2020	01/03/2021
g. Resto de taxas		21/09/2020	23/11/2020

2. As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobadas pola Xunta de Goberno Local.
3. Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
4. Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

ARTIGO -14- DOMICILIACIÓNS

O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, trala solicitude á Administración Municipal.

As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas polo interesado, rexeitadas pola entidade de crédito, ou o Concello dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Neste último caso o Concello deberá notificar o acordo polo que se declare a invalidez ao obrigado ao pago e a entidade colaboradora.

A domiciliación manterase no caso de ser rexeitada pola entidade de crédito por causa de insuficiencia de saldo na conta.

Así mesmo poderán trasladalas a outros establecementos, o que porán en coñecemento da Administración municipal dentro do prazo a que se refire o apartado seguinte. Poderase ordenar a domiciliación bancaria:

- a) Nunha conta aberta nunha entidade de crédito cuxo titular sexa o obrigado ao pago.
- b) Nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta autorice a domiciliación. Neste suposto deberá constar fidedignamente a identidade e o consentimento do titular, así como a relación dos recibos que se domicilian.

As solicitudes deberán solicitarse un mes antes do inicio de cobro en período voluntaria dos respectivos padróns.

A domiciliación de Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100,00 €, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5.08.2020 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pago da totalidade do recibo, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo.

ARTIGO -15- XESTIÓN E LIQUIDACIÓN DE EXACCIÓN

A recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e outros documentos con transcendencia tributaria, axustarase aos modelos, formatos ou requirimentos que no seu caso poida esixir o Concello.

As liquidacións serán practicadas pola oficina xestora correspondente e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. As autoliquidacións, cando así corresponda, practicaranse por parte do declarante, tecnicamente asistido polos servizos municipais.

As altas presentadas polos interesados ou detectadas pola inspección municipal liquidaranse co efectos da data na que nace a obriga de contribuír e incorporaranse no padrón polo período seguinte que corresponda, sen prexuízo das liquidacións correspondentes a períodos impositivos anteriores.

As baixas, que deberán ser presentadas polos suxeitos pasivos, terán efecto no padrón a partir do período impositivo seguinte a súa declaración.

En relación aos tributos de cobro periódico se practicará liquidación tributaria, que xerará unha alta no correspondente rexistro, nestes casos:

- a) Cando por primeira vez ocorreran os feitos ou actos que poidan orixinar a obriga de contribuír.
- b) Cando o Concello coñece por primeira vez da existencia do feito imponible, sen embargo terse devindicado con anterioridade o tributo e sen prexuízo das sancións que puideran corresponder.
- c) Cando se produciron modificacións nos elementos esenciais do tributo, distintas das aprobadas con carácter xeral na Lei de orzamentos xerais do Estado e da variación de tipos impositivos recollida nas Ordenanzas fiscais.

Por Resolución de Alcaldía, previa proposta da Tesourería, debidamente xustificada, poderá acordarse a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores a contía que fixe coma insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen

No suposto de concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto, cando o Concello só coñeza a identidade dun titular practicaré e notificaré as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas si non solicita a súa división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o interesado o solicite facilitando os datos persoais, o domicilio dos demais obrigados ao pago así como os documentos públicos que acrediten a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

Cando o Concello coñeza a existencia de varios cotitulares, practicaré unha soa liquidación a un dos obrigados tributarios. Para que proceda a división será indispensable que os interesados a soliciten.

En ningún caso procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais.

Non se poderá dividir a cota naqueles supostos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 6€.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse ao padrón do exercicio en que se acorde a división, sempre e cando a liquidación non adquirise firmeza, no caso contrario incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediatamente posterior e manteranse nos sucesivos mentres non se solicite a modificación

ARTIGO -16- DEPÓSITOS PREVIOS

Nas normas reguladoras das taxas poderase establecer a esixencia dun depósito previo do seu importe, total ou parcial. Estes depósitos previos terán carácter de pago a conta, e serán requisito indispensable para a tramitación do correspondente expediente.

ARTIGO -17- RECADACION

Para a cobranza dos tributos e das cantidades que como ingresos de Dereito Público, debe percibir a Administración Municipal, a mesma ostenta as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado, ao amparo do previsto no artigo 2.2 do RDL 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terán a consideración de costas do procedemento de prema aqueles gastos que se orixinen durante o deo desenrolo. As costas serán a cargo do debedor a quen lle serán esixidas.

Ademais das enumeradas no artigo 113 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación estarán comprendidas como costas do procedemento, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente teñan que realizarse no procedemento administrativo de prema.
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan en valoracións, deslindes e alleamento dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos Rexistradores e outros gastos que teñan que aboarse polas actuacións nos Rexistros Públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración de bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixe a propia execución.

ARTIGO -18- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.
2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederaos a Administración municipal tras a petición dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes. Segundo o disposto no artigo 46 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse, preferentemente, mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución, coas salvedades reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
3. As cantidades aprazadas que estiveran garantidas cos medios citados no punto anterior, debeñarán xuro de demora na contía do xuro legal.
4. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devindicación do xuro de demora.

ARTIGO -19- DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES

1. Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica - financeira lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.
2. É obrigatorio acumular a totalidade da débeda pendente, tributaria ou non, que teña un mesmo contribuínte en período executivo. Asemade, poderán acumularse os cargos que se atopen en situación de pago voluntario a petición do contribuínte.
3. O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

4. O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.
5. As débedas poderán aprazarse ou fraccionarse ata un máximo de vinte e catro meses ou mensualidades.
6. Na concesión de fraccionamentos, se esixirá a domiciliación do pago das sucesivas fraccións.
7. Documentación a achegar, acreditativa da falta de tesourería do petionario:

a) Persoas físicas:

- Copia da autoliquidación do imposto sobre a renda das persoas físicas referida o período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación ante a axencia tributaria vencido, á data da solicitude. En caso de non poder aporta dita copia, calquera outro medio de proba que acredite de forma fehaciente a presentación e contido de dita liquidación.

No caso de contribuíntes non obrigados a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, a acreditación da percepción de ingresos se fará mediante certificados de retencións expedidos polos distintos pagadores dos distintos rendementos obtidos, ben de traballo, ben mobiliarios, ben inmobiliarios, etc. En defecto dos anteriores calquera outro medio que acredite fehacientemente a realidade e cuantía dos ingresos como relación dos derradeiros movementos en contas xunto coa declaración responsable de non posuír outras contas, fondos de inversión, etc.

- Certificación de conta bancaria para a domiciliación.

Non se resolverá favorablemente a concesión de aprazamento ou fraccionamento cando os ingresos do titular das débedas superen, en cómputo anual, o dobre e medio do Salario Mínimo Profesional para o ano correspondente á declaración do imposto presentada ou da documentación aportada.

No caso de autónomos non se resolverá favorablemente a concesión de aprazamento ou fraccionamento cando os beneficios do titular das débedas superen, en cómputo anual, o dobre e medio do Salario Mínimo Profesional para o ano correspondente á declaración do imposto presentada ou da documentación aportada

b) Persoas xurídicas:

- Balance de situación e conta de perdas e ganancias do último exercicio pechado.
- Copia, debidamente compulsada, do Imposto sobre sociedades correspondente ó último exercicio económico presentado
- Copia, debidamente compulsada, do CIF e da escritura de constitución da sociedade.
- Certificación de conta bancaria para a domiciliación

8. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento será denegada por falta de capacidade económica no caso de que o solicitante teña unha débeda en período executivo co Concello de Monforte de Lemos por importe igual ou superior a 1.000,00 €, agás que presente a correspondente garantía
9. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.
10. Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, ademais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza, así como o número de conta bancaria para a súa domiciliación das fraccións.

Á solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación.

ARTIGO -20- GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.

En todo caso achegarse coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de que o aprazamento fose concedido.

O aval deberá achegarse no prazo de trinta días seguintes ó da notificación do acordo de concesión.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria ou mobiliaria
- b) Prenda con ou sen desprazamento.
- c) Fianza persoal e solidaria dun veciño do municipio.

Deberá acompañar á solicitude declaración responsable e informe xustificativo da imposibilidade de obter o aval, no que consten as xestións efectuadas ó respecto debidamente documentadas.

3. Non se esixirá garantía cando a contía da débeda a aprazar ou fraccionar non exceda de 9 .000,00 €.
4. A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.
5. A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda, cando menos, en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

ARTIGO -21- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Tesourería do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme ó disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

Presentada a solicitude de aprazamento, se existise algún defecto na petición ou na documentación aportada, ou se houberse omitido o ofrecemento de garantía ou algún dos documentos que houberan de presentarse de acordo co presente artigo, se concederá ó interesado un prazo de 15 días contados a partires do seguinte á notificación do requirimento para que subsane o defecto ou aporte os documentos con indicación de que, de non atender o requirimento no prazo sinalado, se terá por non presentada a solicitude e se arquivará sen máis trámite.

Se a solicitude de aprazamento ou fraccionamento e a documentación preceptiva a que se refire este artigo non presentasen defectos ou omisións, ou se estes houberan sido subsanados en prazo, se procederá, previos os trámites oportunos, a ditar resolución expresa, sen que proceda ditar providencia de constrinximento, aínda cando tivera transcorrido o prazo de pago en período voluntario, hasta que no sexa resolta a petición.

2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:
 - a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.
 - b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.

- c) As inferiores a 300,00 €.
 - d) As de vencemento periódico e notificación colectiva, cando se atopen en período voluntario de cobro.
3. A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de xuros e procedemento en caso de falta de pagamento.
 4. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

ARTIGO -22- CÁLCULO DE XUROS EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen deveñarán o xuro de demora regulado no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 17 da Lei Xeral Presupostaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente, que será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso.
2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluírá o recargo do período executivo que corresponda. Os xuros deveñados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.
3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os xuros deveñados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluírá o recargo do período executivo que corresponda.
4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:
 - a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de demora polo período transcorrido dente o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.
 - b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO -23- PRAZOS DE INGRESO, FORMA DE PAGAMENTO E EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

1. O ingreso dos prazos deberá efectuarse nas datas establecidas nos acordos de concesión de aprazamento ou fraccionamento, que serán sempre o día 5 ou 20 do mes a que se refiran.
2. Esixírase a domiciliación das sucesivas fraccións en entidades bancarias e caixas de aforro.
3. Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase a exaccionar a débeda pola vía de constrinximento ou ben a executar a garantía de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 58/2003 xeral tributaria e normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO -24- COMPENSACIÓN

1. As débedas coa Facenda municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos por ela a favor do debedor.

2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, segundo o procedemento establecido na normativa regulamentaria de aplicación.
3. Cando un debedor á Facenda municipal, non comprendido no punto anterior, sexa á vez acredor dela por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de oficio a débeda e os recargos do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada á persoa interesada.
4. Cando unha liquidación da que se ingresou o seu importe sexa anulada e substituída por outra, poderase diminuír esta na cantidade previamente ingresada.

ARTIGO -25- COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO

1. O debedor que solicite a compensación deberá dirixirle ó Concello a correspondente solicitude que conterá os seguintes requisitos:
 - a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e enderezo fiscal do obrigado tributario.
 - b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario.
 - c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e natureza.
 - d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.
2. O Alcalde - Presidente ou órgano en quen delegue acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses.

ARTIGO -26- APROBACIÓN E VIXENCIA

A presente ordenanza, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007, definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro de 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 3 de novembro de 2009 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 do día 23 de decembro de 2009.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 6 de novembro de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 28 de decembro de 2012.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 28 de outubro de 2013 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 295 de 26 decembro de 2013

Modificada provisionalmente polo Pleno do 29 de decembro de 2014 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 46 de 26 febreiro de 2015.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 26 de outubro de 2015, e aprobada definitivamente polo Pleno de 17 de decembro de 2015 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 de 23 decembro de 2015

Modificada provisionalmente polo Pleno de 11 de outubro de 2016, e publicada no BOP da provincia de

Lugo núm. 290 de 20 decembro de 2016

Modificada provisionalmente polo Pleno de 24 de abril de 2017, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 151 de 20 decembro de 2017

Modificada provisionalmente polo Pleno de 23 de outubro de 2017, definitivamente da nata de 18 de decembro de 2017 e publicada no BOP da provincia de Lugo número 293 de 23 de decembro de 2017.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 29.10.2018, e publicada no BOP da provincia de Lugo número 296 de 28 de decembro de 2018.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 28.10.2019, e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 293 de 23.12.2019.

Monforte de Lemos, febreiro de 2020



O Alcalde, José Tomé Roca

ANEXO.- CLASIFICACION POR CATEGORIAS, A EFECTOS FISCAIS, DAS RÚAS DO MUNICIPIO DE MONFORTE DE LEMOS

RÚAS DE PRIMEIRA CATEGORIA

Avenida de Galicia; Antonio Méndez Casal; Armando Cotarelo; Leopoldo Calvo Sotelo; Campo da Compañía; Campo de San Antonio; Cardeal Rodrigo de Castro; Comercio; Concepción Arenal; Conde dende Ponte Fontecha ata Avenida de Galicia; Coruña; Celso Emilio Ferreiro; Chantada dende cruce Ourense ata rotonda do hórreo; Doutor. Casares; Doutor. Teixeira; Duquesa de Alba; Escultor Francisco Moure dende Campo da Compañía ata vía Ferrocarril; Manuel Hermida Balado; Historiador Dalmiro de la Válgoma; Huertas; Inés de Castro; Jacinto Benavente; Juan Ramón Jiménez; Julio Camba; Ourense dende cruce Avda Galicia ata Rúa Santiago; hasta calle Veiguiña; Ramon Otero Pedrayo; Paseo de Lugo; Praza de España; Praza Doutor. Goyanes; Praza da Estación; Praza do Piñeiro Pontevedra; Poeta Lois Pereiro; Praza Ponte Fontecha; Real dende Roberto Baamonde ata cruces con Lagares; Reboredo dende Campo da Compañía ata vía do ferrocarril; Roberto Baamonde ; Rof Codina; San Pedro; Sarria.

RÚAS DE SEGUNDA CATEGORIA

Abelardo Baanante; Abeledos; Bailén; Carude; Castelao; Central e a súa Travesía; Conde Dende Avenida de Galicia ata Estrela- Praza Piñeiro; Corna; Corredoira; Curros Enríquez; Chantada dende rotonda do hórreo ata final servicios; Doutor López Suárez; Eduardo Blanco Amor; Eduardo Pondal dende Benito Vicetto ata bifurcación con Eduardo Blanco Amor; Florida; Irmáns Dapena; Historiador Germán Vázquez; Lagares; Miguel de Cervantes; Morín dende cruce con Concepción Arena lata Juan Montes; Padre José de Garabantes; Pascual Veiga; Paseo do Malecón; Tomás Vázquez; Real desde cruce de Lagares ata o final; Ricardo Quiroga; Rosalía de Castro; San Lázaro; Sober; Teceláns ; Travesía calle Ricardo Quiroga; Travesías calles San Pedro, marxes esquerda e dereita; Urbanización calle Chantada a Zona Escolar; Urbanización Feijoo- Fontecha; Ramón del Valle Inclán ata vía de Castilla. Ourense resto

RÚAS DE TERCEIRA CATEGORIA

Acea Nova; Arousa; Malloadas; Barrio El Casar; Barrio Fabeiro; Benito Vicetto; Burato; Cabe; Calle junto a Chapistería Rodríguez; Camino de Avenida de Galicia—Regueiro; Camino de Cobas; Estrada das Nocedas; Camino de Los Cotos Camino del Matadero; Camino desde calle Real a calle Zapardiel; Campo Dehesa; Caneiro; Zapaterías; Estrada da Vide; Carretera de Lugo; Carretera de Castro Caldelas; Centeás; Cerca; Condesa Pardo Bazán; Costeiro; Cruces; Falagueira; Costa da Peña; Doutor Fleming; Echegaray; Eduardo Pondal Dende bifurcación con Eduardo Blanco Amor ata o final ; Estrela; Ferrocarril; Ferrol; Flores; Escultor Francisco Moure dende vía ferrocarril ata estrada Castro Caldelas; Poeta Manuel María; Panaderías; Juan Montes; Malvarón; Mato; Poeta Manuel María; Muíños de Antero; Morin dende Juan Montes ata o final; Muralla; Padre Feijóo; Pantón; Paredes; Pescaderías; Poeta Noriega Varela; Ponte dos Picos; Porta Nova; Ramón Cabanillas; Ramón y Cajal; Reboredo dende vía do ferrocarril ata o final; Retorcida; Rioseco; de Cobas; Real dende cruce con Lagares ata o final; S Vicente; Santa Clara; Santiago; Santo Domingo; Saviñao Severo Ochoa; Torres; Travesía Breogán; Travesía El Casar; Fermín Bouza Brey; Travesía Orense tinca Perfecto; Rúa Ponte da Vires; Travesía San Lázaro; Filgueira Valverde; Travesías Campo Dehesa la. y 2a; Travesías Francisco Moure, marxes dereita e esquerda; Travesías Juan Montes la., 2a. y 3a. ; Travesías Valle Inclán 2a. y 3ª. Ramón del Valle Inclán dende vía de Castilla ata o final; Valle de Lernos; Veiguiña, Vigo (El Casar) Vilanova ; Viviendas Renfa; A Pinguela; Viviendas Sociales Valle de Lemos; Zapaterías; Zapardiel